

GRUPO DE CENTROS DE COORDINACIÓN SANITARIA NA PCR DO CERCP

Un dos obxectivos do *Consejo Español de Reanimación Cardiopulmonar* (CERCP) é promover todas aquelas actuacións que incidan de forma directa na mellora da atención da Parada Cardiorespiratoria (PCR), para conseguir un aumento da supervivencia de estes pacientes establecendo normas comúns para unha adecuada homoxeneidade e calidade na realización e ensinanza de estas técnicas en España.

A cadea de supervivencia amosa de forma moi gráfica os 4 pasos-elos- que se deben dar para asegurar unha atención óptima a una situación de PCR.

Clasicamente, o primeiro elo describiuse como a necesidade de que a poboación recoñeza precozmente unha situación de emerxencia e alerte de inmediato ao servizo de emerxencias sanitarias, dando por feito que a misión do Centro Coordinador de Urgencias (CCU) finaliza cando se envía ao lugar ao equipo sanitario. Sen embargo, o CCU ten un papel principal mentres chega a axuda sanitaria ao lugar, explicando as técnicas básicas de RCP ao alertante e solicitando a información necesaria para asegurar que o equipo sanitario chega canto antes ao lugar do suceso.

Coa progresiva incorporación dos Servizos de Emerxencias Médicas (SEM) ao CERCP, púxose de manifesto a necesidade de resaltar a importancia de este primeiro elo, xa que:

- 1º) Non sempre é doado detectar unha situación de PCR trala chamada dun cidadán ao CCU.
- 2º) Os protocolos telefónicos dos CCU e os consellos sanitarios non son iguais na actualidade.
- 3º) A práctica da RCP asistida por teléfono, non está estendida nin homoxeneizada nos CCU.
- 4º) A formación do persoal de teleoperación na asistencia a unha PCR por teléfono, é moi heteroxénea e as veces inexistente.

A pesar de que as últimas recomendacións do ERC-2010 indican que os operadores dos teléfonos de emerxencias deben ser adestrados para interrogar ás persoas que chaman, con protocolos estritos para obter información para comezar unha RCP asistida por teléfono dende os CCU, xa que esta incrementa as posibilidades de supervivencia, é unha realidade que esta práctica no está estendida en todo o país e cando se fai, non se segue un modelo homoxéneo que contemple expresións que entenda a poboación xeral.

E por iso polo que no CERCP tomouse a decisión de poñer en marcha un grupo de traballo, constituído na súa maioría por membros do CERCP pertencentes a SEM con experiencia en coordinación sanitaria e que potencie a implantación da RCP asistida por teléfono mediante a elaboración dun póster que inclúa os aspectos que deben considerarse en todos os CCU para desenvolver esta acción de forma homoxénea en todo o territorio nacional.

Este póster, amosa de forma moi sinxela os diferentes pasos que debe dar o operador do CCU nunha RCP asistida por teléfono, e a información que debe dar, seguindo en todo momento as recomendacións do ERC.

Dende o grupo de Coordinación Sanitaria do CERCP, realízanse as seguintes recomendacións a todos os CCU:

- É necesario implantar en todos os CCU a RCP asistida por teléfono, normalizando a forma de facela segundo as recomendacións do CERCP.
- Sería moi útil homoxeneizar os protocolos telefónicos dos CCU, especialmente aqueles destinados a detectar unha situación de PCR.
- É fundamental incluír dentro do plan de formación do persoal de teleoperación, actividades formativas destinadas a prestar unha RCP asistida por teléfono de calidade.
- Débense establecer avaliacións periódicas da calidade das asistencias telefónicas a PCR dende os CCU, segundo estándares definidos.